

FILMEI PAXAROS VOANDO

1458

Zeltia Outeiriño, 2024

ESTREA EN NUMAX: 08.02.2025 | V.O. | +7 | 100 min

Zeltia, tras dúas décadas en Barcelona lonxe da súa Galicia natal e da súa nai Socorro, unha muller conservadora da que se afastou, regresa á súa terra para filmar unha película e explorar o seu desarraigamento familiar. Na súa procura de respostas, segue a vida do seu tío Antonio, un artesán téxtil co que se identifica pola súa creatividade e visión da vida. Con todo, é coa súa nai con quen realmente se reencontra, sobre todo cando a saúde de Socorro empeora. Entre rodaxes e coidados, nai e filla atopan un espazo para sandar vellas feridas e compartir momentos de complicidade e amor.



Entrevista con Zeltia Outeiriño: «O filme emerxeu coa crise dos corenta»

Por Zeltia Outeiriño

Di que a película naceu nun momento de crise vital. Hai algo de catárquico neste proxecto, nese reencontro coa súa nai? Si. A película emerxeu coa crise dos corenta, como con esta sensación de desencanto ou insatisfacción do que pensabas que sería a vida ou como te vías con 40 anos e como te ves. E este anhelos e entusiasmo creativo, estas ganas de facer películas, querendo reflexionar sobre a necesidade da liberdade individual, da autoafirmación da vida propia pero como se pode conxugar iso coa lealdade á familia; no meu caso á miña nai, cuns valores moitísimo máis conservadores. Como amar en liberdade, como poder vincularse cando hai estes universos ideolóxicos que son tan antagónicos.

Ese era o punto de partida e a idea de desarraigo, de que eu emigrei vinte anos antes a Barcelona e prometín que regresaría pero non regresei. Pero tampouco decidira non regresar. Unha situación de limbo na que nos quedamos moitos galegos e ao mellor cando chegan a unha idade, no meu caso, aos 40, foi o momento de reflexionar un pouco sobre todo iso. Tamén a miña nai, que se facía maior, que demandaba cada vez máis coidado, que a min me doía cada vez máis a distancia. Comezou por alí, pero como diría Chris Marker «un nunca sabe o que está a filmar» e o que nos tocaba vivir abriu unha morea de temas máis e o feito de crear esta película foi unha oportunidade para o encontro. Para eu poder mirar a miña nai doutra maneira, non soamente como nai senón tamén na súa vertente máis artística e luminosa como artista e como muller tamén.

Hai outro personaxe moi importante na película, o seu tío Antonio Outeiriño. O meu tío viviu moi intensamente nos anos 80. El era un artesán téxtil galeguista moi creativo que nesa época desenvolveu todo un traballo de recuperación do tecer tradicional galego levado tamén ao deseño e á vangarda xunto coa súa irmá Concha Outeiriño, que seguiu o seu legado. Entón todo ese mundo tan creativo tivo unha pegada moi forte en toda a miña familia e a nena que eu era nos anos 80 mamou de todo iso. Eu todo o tempo quero mirarme na figura do meu tío Antonio, dialogar con el, aprender del, porque para min era un referente de liberdade que ao mesmo tempo sempre estivo moi apegado á súa familia e eu admirábo moito por estas dúas vertentes.

O que pasou é que buscando a Antonio atopeime coa miña nai Socorro. Neste filmarnos a cotío vin que ela tamén era unha artista do cotiá e non só, tamén era música, cantautora, directora do coro do Centro Cívico de Coia (Vigo). Eu fago a proposta de cantar e rodar xuntas unha canción, que facemos xunto co meu irmán Marcos, que tamén é músico. Ao final en torno a toda esa súa arte e ese meu anhelos de filmar tamén nos serviu para divertirnos, para achegarnos, para mirarnos doutra maneira, vivir e ser felices. É unha película feita sen distancia emocional ningunha. Efectivamente, e aí radica toda a súa forza e a súa fragilidade. Na montaxe esa falta de distancia emocional foi difícil de tecer

Fala de montaxe case artesanal. A montaxe foi un proceso moi longo no que participaron diversas mans de montadoras, comigo tamén. Podo destacar a Núria Campadabal e Nuria Mosqueira, que foron dúas figuras fundamentais neste proceso tan longo de montaxe e logo tamén desde o programa de postproducción da Pompeu Fabra. Houbo moita xente do cinema que acompañou este proceso e facilitou que finalmente vise a luz.